

MOCIÓN DE AER SOBRE COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN DA PISCINA DE CHAPELA

PLENO 26 ABRIL 2012. ACTA 7/2012

Antecedentes

Moción de AER que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**, pra o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 6 de Marzo o equipo de goberno convocou unha asemblea sobre o Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, na que varias das asociacións da parroquia pediron a creación dunha comisión de investigación . O señor Pazos mostrouse conforme coa idea, pero o certo é que non se fixo nada dende o Concello para creala.

No pleno dese mesmo mes a Agrupación Electores de Redondela formuloulle unha pregunta ao alcalde. Esta pregunta era clara, “ *Teñen previsto crear dita comisión de investigación?*” e a resposta foi que non, pero que darían o seu apoio no suposto de que algún grupo político a solicitase.

Dende AER preguntámonos onde quedaron esas boas intencións que promulgaba o PP de Redondela de escoitar aos veciños e asociacións, pois este é un exemplo claro de goberno ás costas da cidadanía.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

A creación dunha comisión de investigación sobre o Centro de Deportes Acuáticos de Chapela.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar a moción de AER transcrita.-